



ACTA N.º 5/2012
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE ABRIL DE 2012

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- PROPOSTAS RELATIVAS AO HOSPITAL METROPOLITANO "ÁLVARO CUNQUEIRO":

A) Cumprimento polo Concello de Vigo dos compromisos adquiridos

B) Reclamacións á Xunta de Galicia relativas á información e ao carácter público do referido centro

I.3.- "PREMIOS NIGRÁN 2012"

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
- D.^a Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 26 de abril de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 12:35
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún

Incidencias:a) *Alteracións no quórum de asistencia:*

Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan: D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte, durante o debate do punto I.3 da Orde do día e D. Alberto García Pazos, durante o desenvolvemento do punto II.2 de rogos e preguntas.

b) *Outras incidencias:* Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- **PARTE RESOLUTIVA****I.1.- ACTA ANTERIOR**

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de marzo de 2012

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 28 de marzo de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- PROPOSTAS RELATIVAS AO HOSPITAL METROPOLITANO "ÁLVARO CUNQUEIRO":

- A) Cumprimento polo Concello de Vigo dos compromisos adquiridos**
- B) Reclamacións á Xunta de Galicia relativas á información e ao carácter público do referido centro**

A) Cumprimento polo Concello de Vigo dos compromisos adquiridos



A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de abril de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do grupo popular:

“Antecedentes:

Na cidade de Vigo estase a construír a infraestrutura sanitaria máis grande de España e posiblemente de Europa. Trátase do hospital público metropolitano destinado a prestar asistencia a 600.000 persoas, é dicir a tódolos cidadáns da área sanitaria de Vigo, como ben se sabe “HOSPITAL METROPOLITANO ÁLVARO CUNQUEIRO”.

E isto, mentres atravesamos unha fonda crise económica e un momento no que o Sistema Nacional de Saúde pasa pola súa peor situación, cun déficit acumulado nos últimos anos en torno ós 18-20 mil millóns de euros. Pero esta infraestrutura, demandada por toda a cidadanía dende hai tempo é necesaria para contar co hospital que Vigo precisa, non pode esperar máis. E unha vontade expresada, tanto na etapa do goberno bipartito como agora, un goberno bipartito que non foi quen nin de iniciar a construción, perdéndose en multitude de estudos, propostas, e presentacións de maquetas.

A partir do ano 2009, a Xunta de Galicia fixo todo o necesario para realizar a expropiación do terreo e licitar a obra, para poder dispoñer do hospital no menor tempo posible.

Agora a construción é unha realidade. Coa chegada do novo goberno acometeuse a obra do hospital público mediante a fórmula concesional a unha UTE de empresas, unha fórmula utilizada en moitos lugares de España para a construción de infraestruturas. E como todo o mundo pode comprobar, a obra avanza a moi bo ritmo e cumprindo os prazos previstos.

Froito do refrendo unánime da necesidade deste hospital asinouse, no ano 2006, un convenio de colaboración entre Xunta de Galicia, con goberno PSOE-BNG, e Concello de Vigo, gobernado polo Partido Popular. Este convenio recolle a necesidade de colaboración entre as Administracións para conseguir a vital infraestrutura, e coa súa sinatura o Concello de Vigo adquiriu unha serie de compromisos que agora o alcalde vigués non está disposto a cumprir.

Este incumprimento suporía:

Non regular as ordenanzas fiscais a favor do centro sanitario

Non reservar espazos dotacionais para uso sanitario

Non dispoñer dos servizos necesarios para a construción.

Falamos, por tanto, de abastecemento de auga e saneamento, servizo de gas, electricidade, canalización de fibra óptica, transporte, recollida de residuos ou sinalización urbana, servizos todos eles, que o concello proporcionou a infraestruturas de idénticas características, como outros centros hospitalarios.

O incumprimento pon en perigo o avance na construción do hospital, que nestes intres, ten un ritmo elevado de obra, o que impediría que estivese aberto nos prazos previstos. Suporía tamén a paralización da construción, toda vez que a acometida eléctrica, competencia que debe tramitar o Concello, faise agora imprescindible para a continuación da obra.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Concello de Vigo a cumprir co recollido no convenio de cooperación para a construción do novo Hospital público de Vigo e dotación das súas infraestruturas, subscrito o 7 de marzo do 2006 entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade e Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, SERGAS, e o propio Concello de Vigo. Infraestrutura destinada a prestar e mellorar a asistencia sanitaria a área metropolitana e demandada por toda a cidadanía."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D^a. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: Expón a proposta ditaminada pola Comisión.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Preferirían unha moción sobre a construción do centro de saúde de Panxón. No canto diso estase instando ao concello de Vigo a cumprir un convenio con outra administración. Non se entendería que Vigo fixese o mesmo con Nigrán. Ese complexo hospitalario nin sequera é o que utilizarán os nosos veciños. Se a Xunta non é capaz de rematar as obras non llo debe achacar ao Concello de Vigo. Non votarán a favor dunha moción que se refira a outro concello.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Isto enmárcase na guerra do PP co Alcalde de Vigo. Algo soa a desculpa na moción. A alusión á paralización da construción parece preparar o terreo. Non está nesta guerra. Votará en contra.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Preséntanse determinadas mocións que parecen obedecer a estratexias partidistas. No tema sanitario habería que fuxir especialmente desta dinámica. É grave que os compromisos non se cumpran, aínda que o debate debía suscitarse no Concello de Vigo. O que lle importa a Nigrán é que as expectativas dos seus veciños poidan verse afectadas. Isto leva a que se esixa ao Concello de Vigo que faga o que lle corresponde.

Sra. Alonso Macías Jorreto: Trátase dun hospital metropolitano e Vigo debe cumprir os compromisos adquiridos. Este será o hospital de referencia para os nosos veciños. Hai cuestións coma a acometida eléctrica que resulta básica para o funcionamento. O ano que ven está previsto o remate da obra.

Sr. González Pérez: Parece que a consigna é que o novo hospital non vai funcionar por culpa de Abel Caballero. Isto é demagóxico. Non ten sentido que Nigrán se involucre nisto.

Sr. Alcalde-Presidente: Non está fóra de lugar tratar cuestións sobre o hospital metropolitano. Non é normal que se estea a boicotear esta construción. Ao PSOE preocúpalle que Nigrán inste ao Concello de Vigo, cando apoiou aquí unha moción do PSOE de Gondomar instando a colocación dunha marquesiña. O Alcalde si está preocupado polo centro de saúde de Panxón.



Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto
- Votos en contra: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

B) Reclamacións á Xunta de Galicia relativas á información e ao carácter público do referido centro

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de abril de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do concelleiro do grupo mixto Xavier Rodríguez Fernández:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Gobernogalego renunciou a construción do Novo Hospital de Vigo de xeito directo e con recursos propios e puxo en marcha un novo proxecto con financiamento e xestión privada, o que hipoteca durante vinte anos a prestación sanitaria, ao detraer unha inxente cantidade de recursos económicos por encarecer de xeito escandaloso o custo sobre o proxecto inicial.

Este negocio non so esta centrado na construción e xestión da infraestrutura principal como éo propio Hospital senón que se estende á xestión do aparcamento e outras explotacións comerciais derivadas dos servizos auxiliares que se van implantar na superficie a desenvolver, Na practica étrasladar a iniciativa privada os lucros derivados da prestación dun servizo básico esencial. Queda en evidencia, pois, que existe unha modificación substancial con respecto ao proxecto inicial onde a titularidade pública do Hospital estaba garantida, ao igual que o desenvolvemento da actividade sanitaria.

Dada a situación de crise son cada vez mais os comentarios que, en función dos feitos que lle están afectado a empresas da UTE que constrúe e vai xestionar o hospital, hai un problema de financiamento que están impedindo o desenvolvemento normal das obras e que inclusive poden chegar a frearse.

Dado que é unha necesidade perentoria atender as insuficiencias do sistema de saúde na área sanitaria de Vigo, que non existe un proxecto claro e definido nos seus contidos e funcións é polo que propoñémoslle ao pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1) Reclamar da Xunta de Galiza:

a) A exposición pública e toda a información referida ao novo proxecto de execución do Novo Hospital que se esta a construír en Vigo, así como os recursos dispoñíbeis para facer fronte á obra.

b) Que o Novo Hospital sexa o hospital de referencia de toda a área sanitaria.

c) O carácter público e estratéxico do Novo Hospital así como que sexa centro de referencia para o tratamento do cancro e a investigación e a docencia.

2) A súa vez, dar conta deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e aos distintos grupos

do Parlamento galego.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Na moción pídese o carácter público e estratéxico deste hospital e que sexa de referencia para determinadas doenzas; e a exposición ao público, porque se variou o proxecto inicial. Hai aspectos preocupantes sobre se as UTEs que xestionan as obras poden ter problemas de financiamento. Queren saber se isto é así. Pídese que sexa hospital de referencia para esta área. Aquí tratouse unha moción relativa a que POVISA sexa de libre elección. Isto non está tan claro. Aínda que fose así, podería resultar que POVISA siga sendo centro de referencia para certas doenzas. O que busca a moción é que o hospital sexa efectivamente o centro de referencia.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O PSOE vai apoiar esta moción, porque están de acordo co que se propón, á diferencia da anterior, que só emprega a demagogia.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Apoiará a moción, aínda que poida ter tamén un fondo discutible, porque o importante é que isto se faga, e que teña a capacidade suficiente para atender a toda a poboación afectada.

Dª. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: Unha construción desta magnitude é lóxico que teña cambios. En maio poderase ver o proxecto. As empresas construtoras contratadas son as mellores, aínda que poidan ter problemas. Case 2.000 camas estarán dispoñibles en función da demanda. Será un hospital de referencia.

Sr. Rodríguez Fernández: Ao BNG de Nigrán preocúpalle a atención sanitaria dos nosos habitantes. A preocupación é se de verdade vamos dispoñer desta infraestrutura como centro de referencia.

Sr. Fernández Comesaña: A cuestión é importante polas inquietudes que xera. Sería bo que o BNG de Vigo intercedese ante o Alcalde da cidade. Hai cuestións que se escapan ás competencias deste Concello.

Sra. Alonso Macías Jorreto: Este hospital ten capacidade suficiente.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase mellorar o servizo actual. Non se debe poñer en dúbida o carácter público do hospital. A actual Xunta atopouse coa idea, pero o importante é que as obras se rematen.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta da Comisión



Informativa.

I.3.- "PREMIOS NIGRÁN 2012"

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de abril de 2012 formula ó Pleno a correspondente proposta de acordo.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Dª. Liliana Silva Pequeño, concelleira delegada: Explica a proposta e indica que a intención é que estes premios teñan carácter anual. Resume os méritos dos propostos. A data será a do 18 de maio e aprovétase para honrar aos alcaldes do período democrático.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Unha boa idea estase a converter nunha iniciativa polémica. Faltou contar cos grupos representantes de toda a Corporación. Non se pode converter nun acto do Partido Popular, e non institucional. Pide que a Memoria redactada non acompañe á proposta. Non só polo deseño senón polo texto. Se todos puidesen participar e propor, isto non ocorrería. Os propostos están moi por enriba do Partido Popular e son merecentes deste recoñecemento. Espera que se rectifique.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O punto terceiro debería ir á parte dos demais. De non separarse absterase. Non parece que a data sexa a oportuna para o recoñecemento dos Alcaldes. Non lle gustan as placas. Ademais, pasa por alto se algún dos Alcaldes o merece ou non. Sobre os premios, é unha boa idea recoñecer unha labor destacada. Non está de acordo na forma na que se levou adiante. Os premiados non merecen a polémica. Non abonda a maioría absoluta para que sexan institucionais. Neste caso, hai que tender á unanimidade. Non se fixo unha previa xunta de portavoces. En principio o número debería ser menor, para evitar que se desvaloricen.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Repítese a historia da falta de consenso que xa se producira no nomeamento de rúas, noutra Corporación anterior. A cuestión non debería dar lugar á súa politización, pero a forma de proceder non foi a correcta. Foi unha torpeza non contar cos demais grupos. Por iso non poderá apoiar a proposta. Tamén coincide en que debería reducirse o seu número. Todo o sinalado sen cuestionar os méritos dos propostos.

Sra. Silva Pequeño: A memoria rectificárase. Na Comisión informativa puidéronse aportar outras alternativas. A polémica non sempre se pode evitar. Aos Alcaldes faráselle un cadro que serva para seguir engadindo os nomes dos sucesivos rexedores.

Sr. González Pérez: A iniciativa é boa. O desprestixio ven pola forma, non polos premiados, que o merecen.

Sr. Rodríguez Fernández: Gustaríalle saber en que consiste o recoñecemento aos Alcaldes.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai tal placa conmemorativa aos Alcaldes. Trátase de xerar un

ambiente festivo. Tamén recoñece que na memoria se conteñen expresións pouco afortunadas. É certo que cando se cambiaron os nomes de determinadas rúas o portavoz do PSOE dixo que non era unha imposición, senón un acordo plenario. Hoxe haberá un acordo plenario. A postura coherente é a do representante de UCN. Esquécese que a Comisión Informativa debe ser un espazo de traballo, e non de mero trámite. Do que se trata é dun acto simbólico de recoñecemento. No caso dos Alcaldes, dun cadro no que aparecerán os nomes.

Sr. González Pérez: Á Comisión Informativa xa se levou o tema pechado cos nomes dos propostos. Iso non é buscar consenso.

Sr. Alcalde-Presidente: Na Comisión Informativa deuse ocasión de presentar alternativas. Os grupos poden facer que o acordo sexa de toda a Corporación. Todo isto sen prexuízo de que no futuro se mellore o procedemento.

Sr. Rodríguez Fernández: No día da Comisión Informativa xa saían nos medios os premiados.

Sr. Alcalde-Presidente: Quen filtrou a información non foi o PP.

Sr. Rodríguez Fernández: O procedemento, se se quere que sexa institucional, debe formularse nunha xunta de portavoces. O cadro dos Alcaldes non lle parece mal, pero non concorda coa homenaxe. Se se vota o apartado 3 por separado, apoiará a parte que se refire aos premios.

Sr. Fernández Comesaña: Non hai coherencia nas actividades dos grupos maioritarios, respecto a respectivos comportamentos anteriores.

Sr. Alcalde-Presidente: Pide o consenso.

Sr. Fernández Comesaña: Pode habelo se o Alcalde recoñece que é posible facelo mellor.

Sr. Alcalde-Presidente: Así o recoñece, e o próximo ano, se hai consenso, pódese abrir a proposta incluso aos colectivos sociais.


Votacións e acordo.- Previas as votacións ordinarias que se dirán, adoptáronse os acordos que a seguir se fan constar:

A) Votación sobre os apartados primeiro e segundo da proposta

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; da Concelleira *Sra. Araujo Duarte*, do grupo Socialista, por estar ausente no momento da votación -art.100.1 do ROF-.

B) Votación sobre o apartado terceiro da proposta, corrixido no curso do debate.

- Votos a favor: 10; PP e Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto



- Votos en contra: 6; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto
- Abstencións: 1; da Concelleira *Sra. Araujo Duarte*, do grupo Socialista, por estar ausente no momento da votación -art.100.1 do ROF-.

Tendo en conta que:

No seo da nosa comunidade existen agrupacións e persoas que representan exemplos senlleiros do esforzo colectivo ou individual a prol de valores representativos da solidariedade social, da divulgación cultural, das actividades deportivas, educativas, empresariais ou de innovación, que merecen ser destacados.

O Concello de Nigrán considera que outorgarlles público recoñecemento é un deber de gratitude, ao tempo que debe supoñer un estímulo para que a nosa cidadanía acadade o protagonismo que lle corresponde.

Vista a memoria xustificativa, na que se relacionan circunstancias concorrentes.

O Pleno do Concello, coas maiorías sinadadas, **ACORDA:**

Primeiro. Outorgar os seguintes recoñecementos públicos ás entidades e persoas que se citan:

- Ó mérito social: CEEP Juan María de Parada
- Ó mérito cultural: cine Imperial de A Ramallosa.
- Ó mérito deportivo: Jorge Otero.
- Ó mérito educativo: CPI de Mallón.
- Ó mérito empresarial: Panadería Copena-Camos.
- Á Innovación: Sondeos Nigrán.

Segundo. Fixar o 18 de maio de 2012 como data do acto institucional de entrega dos galardóns.

Terceiro. Como contribución municipal á solemnidade desta celebración, invitarase e realizarase un recoñecemento aos Sres. Alcaldes que presidiron o Concello nos oito mandatos transcorridos en democracia.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de marzo de 2012 e o 30 de marzo de 2012, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:*

1.1. En canto poidan, o semáforo que está en Patos antes de chegar ao cruce, que leva xa bastante tempo tirado, que insten aos que están facendo as obras que o poñan, porque é un semáforo importante, que avisa do semáforo seguinte e xa ten habido accidentes.

1.2. En relación a unha información que sacaron en novembro de 2011, na que dicían que para este ano 2012 ían por en marcha un plan integral de emprego e un obradoiro de emprego en Nigrán, pregunto como está o do obradoiro de emprego; se xa o temos en marcha.

Sr. Alcalde-Presidente: Cada ano hai un plan de cooperación e un plan de emprego a través da Xunta, cando saian as bases para a realización do plan de emprego, o obradoiro de emprego, se fará. Posiblemente este ano haxa dificultades, porque este ano a Xunta ten outro plantexamento.

1.3. Non sei se o Concello de Nigrán, supoño que si, porque asina vostede, repartiu casa por casa un folleto, pregunto se foi o Concello ou Partido Popular, ou quen repartiu este folleto, se o pagou o Concello, porque foi repartido por militantes do Partido Popular, e non sei se é información institucional ou folleto do partido. No contido pon que o Alcalde de Nigrán pide a colaboración de todos os veciños para mellorar o Plan Xeral. Tamén informa de que é participativo e que garante transparencia.

Sr. Alcalde-Presidente: Pagou o Concello, para iso vai asinado polo Alcalde e co logotipo do Concello. Eu creo que non lle debe preocupar que exista ese papel, no que se está dando información sobre a tramitación dun documento, para transmitir unha tranquilidade que por outro lado alguén trata de romper. Eu, como grupo político, non teño nada que dicir, pero como Alcalde me preocupa que os veciños do meu municipio, ante un Plan Xeral que está en tramitación e que está no momento en que está, que estean recibindo información errónea por outro lado, polo tanto, desde o Concello se chega á xente a través dun escrito.

Sr. González Pérez: Me parece correcto que repartan o escrito, pero sigo preguntando con que partida se sufragou isto, e quen o repartiu.

Sr. Alcalde-Presidente: Foron 300 euros. O repartiu xente que se presentou para facer ese traballo, entre eles eu. Non hai nada que ocultar, e á parte fomos polo día. A partida creo que é gastos de protocolo. En vez de gastalo noutra cousa o gastamos en informar aos veciños.

1.4. Non sei se se dan conta que nas praias de Nigrán os que paseamos vemos que hai moitísima xente que leva os cans pola praia. Eu creo que deberían dalgún xeito invitalos, non digo entrar a sancionar, pero invitalos a que polo menos teñan a decencia de recoller aquilo que van deixando, porque non se pode ir á praia en Nigrán.



Sr. Alcalde-Presidente: Estou totalmente de acordo con esa reflexión, e de feito teño sobre a miña mesa un borrador dun bando que me pasou o Secretario, para invitar á xente a que sexan un pouco cívicos. Incluso por temas de seguridade, porque hai nenos, nenas, paseando cos seus pais e nais e non lle agrada atoparse cos cans. Estamos elaborando un bando para solucionar esta cuestión.

2. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

2.1. Durante este pasado mes de marzo e abril desenvolveuse un proceso selectivo no Concello de Nigrán para contratación de persoal laboral temporal, en concreto un auxiliar en turismo para xestión administrativa e atención do proxecto PRODER II, de rehabilitación integral de Chandebrito. Para este proceso é certo que non se fixeron unhas bases ad hoc, senón que se recolleron unhas bases que xa existían desde fai anos que recollen unha fase de concurso e unha fase de oposición. O primeiro exercicio cunha proba escrita sobre o temario, e un segundo exercicio cunha exposición oral sobre o proxecto presentado anteriormente. O resultado é que respecto á fase de concurso e o primeiro exercicio, aquelas probas nas que queda algunha constancia documental do realizado, a fase de concurso, porque son méritos que se alegan, e o primeiro exercicio, porque é escrito, e queda aí. Nesa fase nos atopamos cunha persoa que ten 1,35 máis que a persoa que finalmente acadou a praza. É neste segundo exercicio oral sobre un proxecto presentado anteriormente, esta persoa, que finalmente acadou a praza, consegue remontar 1,42 puntos á outra, para acabar finalmente con 9 centésimas máis que a persoa anterior. O rogo é que un exercicio oral sobre un proxecto presentado pero que se puntúa a exposición oral, sobre a que non queda constancia documental. Nos podíamos plantexar gravar as exposicións orais, podía ser a solución. Para que un exercicio sobre o que non queda constancia documental permita cambiar drasticamente a puntuación que ía ata ese momento, fago o rogo de que nas bases dos procesos selectivos do Concello de Nigrán se eliminen todos os exercicios orais sobre os que non quede constancia documental. Refírome a entrevistas persoais, que pode habelas, pero que non puntúen exposicións orais e demais.

2.2. Quero facerlle o rogo ao Alcalde, porque é quen asume as competencias de tráfico e seguridade, para que dea instrucións á Policía Local para que se controle o estacionamento de vehículos enriba de beirarrúas. Nomeadamente naquelas zonas humanizadas que custaron moito diñeiro e que agora esta práctica supón dous problemas: un permitir que os peóns poidan circular con normalidade pola beirarrúa, xa non digamos si levan un carriño dun bebé e demais. O asunto chega a extremos de que moitas veces están aparcados na beirarrúa onde empezan os pasos de peóns, ata obrigan aos peóns a cruzar fóra dos pasos, porque onde empeza o paso de peóns hai uns vehículos. Iso, por un lado. Por outro lado, están deteriorando inversións moi custosas para o Concello. Eu pido que se dean instrucións para que se controle, se avise e, chegado o caso, se denuncie si é necesario, o estacionamento en beirarrúas nomeadamente nas zonas humanizadas, como pode ser Praia América, Ramallosa, e similares.

Sr. Alcalde-Presidente: Comparto esa reflexión, porque podo garantizarche que unha porcentaxe elevada das multas que se emiten son por aparcar enriba de beirarrúas, pero á parte diso, como o que a min máis me preocupa como responsable de tráfico e seguridade é que aparquen naquelas prazas de discapacitados que moita xente di

“é un minuto” pero ao final estamos ocupando un espazo reservado.

3. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

3.1. Na urbanización do SAU-6 de Praia América xa existía antes, pero agora coa limpeza está moito máis visible un foco de vertedoiro incontrolado, onde hai restos de obra e practicamente está na rúa case enriba da beirarrúa. Que procedan á súa retirada e que non se verta. É unha rúa transversal sen saída.

3.2. A rotonda de Panxón na Estrada pola Vía, como consecuencia das obras que se están facendo hai definida unha rotonda un pouco sui generis, que xa houbo algúns accidentes, probablemente máis como consecuencia dos separadores de plástico, que restaban a visibilidade. Os coches chegan a moita velocidade e o que se bota en falta é pasos de peóns; falta o que debería estar en dirección Baiona. Sería convinte pintar un paso de peóns, incluso ao mellor debería ser con resalte.

Sr. Alcalde-Presidente: Esa rotonda non tiña unha solución demasiado boa, pero ao final se lle encontrou a mellor. A min me preocupa que estamos no momento perigoso de que aínda non está terminada e a medio facer. Non están os pasos de peóns pintados, porque antes do 30 de maio se vai asfaltar e se pintará.

3.3. No mes pasado de outubro lle pasei un rogo en relación coa rúa Palomar en Priegue, onde existe este vial cortado sen continuidade cara a Rúa da Tarela. Lle plantexei darlle saída e dotalo de saneamento. ¿Que xestións se fixeron e que plans teñen para este vial?.

Sr. Alcalde-Presidente: A rúa Palomar está metida, sobre todo a obra de saneamento, o que se aproveitaría posteriormente para comunicar Priegue coa zona da Tarela, dentro dun informe que se lle mandou a Augas de Galicia, á Consellería de Medio Ambiente, para asinar un convenio plurianual para facer obras de saneamento e abastecemento. Estamos á espera de que a Xunta peche os presupostos e se nos diga se podemos asinar ese convenio e a partir de aí priorizar.

3.4. ¿Que obras están dentro do PEIM?

Sr. Alcalde-Presidente: Se nos informou de que había un presuposto duns 56.000 euros. Mandamos un montón delas, nos restrinxiron, e ao final son as de Camiño das Viñas en Camos, Rúa Baleazas, e outra na zona da Cruz.

3.5. En Vilariño, na Rúa Padres Franciscanos, fronte ao colexio había unha marquesiña, quizás cunhas obras que se fixeron alí, desapareceu. Non sei se teñen pensado repoñela.

Sr. Alcalde-Presidente: A idea é plantar dous ou tres árbores e pór a marquesiña. Estamos intentando abaratar e a que nos priorizaban era unha na rúa Telleira e outra a que está diante do colexio. Cando acabemos a contratación desas, se temos liquidez, trataremos de pola o antes posible.

3.6. Vostede no mes de marzo asinou varios decretos anulando máis de cen expedientes de



multas de tráfico dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011, por prescrición. O importe supera os 18.000 euros. ¿Me pode explicar o que pasou, cando existe unha empresa privada que se encarga da xestión? No ano 2010 cobrou uns 30.000 euros, e no 2011 andará cerca dos 60.000. ¿Como se cobra en vía executiva á xente que non paga en voluntaria? ¿Por que se mantén a xestión privada e non co ORAL, cando o Concello ten delegadas xestións recadatorias neste organismo, que depende da Deputación, cando se xestionan estes temas a un custe menor?

Sr. Alcalde-Presidente: A última pregunta é moi sinxela de responder, cuestión de rentabilidade. Sae un pouco máis caro co ORAL. A través dunha empresa me sae máis barato e teño un bo servizo. Me quedo co máis barato e co bo servizo. Temos un informe feito de recadación, que en termos de arcas municipais está moi ben, para os veciños igual non tanto para os que tiveron que pagar as multas.

Sr. Fernández Comesaña: permitame que non estea totalmente convencido de que o custe que vai a representar para unha entidade pública, como é a Deputación, que xestiona moitos Concellos da provincia, que sexa moito maior que o dunha empresa privada, e ademais o problema que creo que hai é como cobran en vía executiva. Vostede sabe que o ORAL pode cobrar en calquera punto da provincia e incluso máis. Esta empresa xa me dirá vostede como vai cobrar en vía executiva as cantidades que non paguen en vía voluntaria.

Sr. Alcalde-Presidente: Non lle podo dar as cifras exactas porque non quero equivocarme, pero creo que hai un par de puntos porcentuais de aforro en relación ao que nos costa comparado co ORAL. É máis, creo que vence o contrato dentro de moi pouquiño, e a oferta que fai a empresa pode ser mellor que a que temos agora. Se a oferta non se mellora e o ORAL nos da ese servizo a un prezo razoable, non hai ningún problema en delegar esa competencia, pero de momento eu estou satisfeito coa empresa polas condicións que temos e, polo que parece, están dispostos a melloralas.

Sr. Fernández Comesaña: O meu interese é mellorar a xestión e, polo que teño entendido, o ORAL facilita incluso á Policía PDAs para que as multas se tramiten en tempo real.

Sr. Alcalde-Presidente: A oferta vai por aí. Como Deputado ao mellor me interesaría que se delegase no ORAL, pero como Alcalde me interesa que sexa o mellor servizo ao menor custe posible. A oferta que parece que está disposta a plantexar a empresa vai incluso mellorar a porcentaxe que nos cobra e aumentar o servizo co tema das PDAs.

Sr. Fernández Comesaña: Sigo insistindo en que a xestión está sobre todo na parte que a empresa non poida chegar, no cobro en vía executiva, que creo que non teñen competencias para poder facelo.

Me gustaría incidir na parte da anulación de multas, que me parece un tema importante. Me gustaría saber por que motivo se anulaban estas multas, si foi mala xestión da empresa, ou si é por culpa doutras.

Sr. Alcalde-Presidente: Contestarei por escrito, porque é un expediente dun importe considerable. Son cuestións de prescricións, non corresponden a este mandato. Lle pasaremos un informe, porque o departamento de Tesourería é o que xustifica e argumenta a prescrición.

3.7. ¿Existe algún control analítico das fontes do municipio?

Dª Maria del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: As fontes do municipio se analizan dúas veces no ano, unha en febreiro e outra despois do verán por Laboratorios Lema y Bandín.

3.8. Hai resolucións onde arquivan expedientes de solicitude de autorización de instalación de terrazas na vía pública. Me sorprende porque todos os peticionarios que o fixeron se lle arquivou o expediente porque non se lle concedeu licencia. Non sei se é porque non presentaron documentación ou se é imposible concederlle licencia tal e como está a ordenanza recentemente aprobada. Me gustaría saber si os que a están utilizando están pagando ou non.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha mezcla de todo. Hai unha situación difícil de solucionar de forma 100 por 100 correcta. Eses expedientes son de solicitudes do verán pasado. Hai un expediente aberto que hai que pechalo. Aquelas ás que se lle pode formalmente se lle da, e aos que non se lle pode dar se denega. Todo o que está utilizando unha terraza está pagando, e trataremos de que siga sendo así. Si se utiliza durante máis tempo do que se viña pedindo, porque o habitual era pedir dous ou tres meses ao ano, pero cando era un día oportuno se puña e punto. Se está facendo un control exhaustivo para que quen teña unha terraza e a explote que a pague.

Sr. Fernández Comesaña: Digo isto porque cando aquí se trouxo en outra época a ordenanza de terrazas, que ía a ser a panacea, os que dicíamos que iso non ía a resolver nada agora o tempo nos está dando a razón, xa sen entrar no tema da regulación horaria. Non serviu para nada.

Sr. Alcalde-Presidente: O que máis nos preocupa, á parte da legalidade da terraza e do local, porque si o local non está en condicións xa non pode ter terraza, e dáse a circunstancia de que hai locais que están como están, para os que a poidan ter, establecer unha serie de criterios para que tipo de terraza, en que condicións, canto de espacio, color, deseño, etc.

Sr. Fernández Comesaña: É unha norma que non se pode aplicar e que se fixo sen diálogo.

3.9. Con respecto á Estrada pola Vía, creo que vostede é consciente do que estamos mirando coas obras, a pesar do retraso que está tendo. Me gustaría que me dixera cando se van terminar e por outro lado a cantidade de ilegalidades que se están cometendo. Vostede sabe perfectamente que en canto a peches de fincas en Praia América é un cachondeo. Se incumpre a alineación fixada nas normas, e se un paisano pide unha licencia se lle nega e agora a administración fai peches de auténtica loucura pagados con cartos públicos. Me gustaría saber si se vai tomar algunha medida ou si se deixa que a Xunta faga os peches como



queira. Incluso hai un galpón antes do Miramar á dereita que sae para fóra.

Sr. Alcalde-Presidente: Eu tiña onte unha reunión co responsable da obra da Xunta de Galicia, que tivo que anularse para a semana que ven, pero xa se lle comentou á Xunta que tratemos de facer as cousas ben. Non vou a falar do que é o tramo completo, voume a centrar na zona do bulevar. A min hai cousas que non me gustan nada. Cando se celebre hai unha sábana de cousas para comentar. Incluso hai un convenio que asinou a Xunta cos propietarios que nós temos algo que dicir aí, porque a xente está vindo a preguntar, e nós temos clara a resposta do Concello. O Concello ten claro que esa é unha obra da Xunta e que os acordos aos que chegue a Xunta de Galicia cos propietarios serán acordos entre eles, a nós non nos poden involucrar. O que non poden é facernos responsables de pagar o pato. A parte desa reunión co persoal responsable, trataremos de traer aos técnicos da Xunta, sentalos cos nosos técnicos e dalgunha maneira, nos permisos de muros, establecer uns criterios e un orden.

Sr. Fernández Comesaña: Unha gravidade tremenda. Pode entenderse, pero onde existan peches, na reposición hai que cumprir o que diga a lei, porque si un paisano pide licenzia lle dicimos o que ten que facer ou senón lle abrimos un expediente e porque o fai a administración todo vale. A min me parece un exemplo do máis desastroso. O máis evidente, dirección Baiona, antes de chegar á rotonda de Rans, onde hai uns apartamentos, onde non había muro están facendo un muro de pedra ao borde da estrada, cando ao lado está retranqueado.

Sr. Alcalde-Presidente: O compartu, que haxa sitios onde se chega a onde hai que levar o muro me parece ben sempre que na finca colindante se faga co mesmo criterio e na seguinte tamén, e así sucesivamente.

Sr. Fernández Comesaña: Teno moi fácil, abrir expedientes sancionadores e se hai que derribalo faise.

Sr. Alcalde-Presidente: Primeiro vamos a tratar de falar, e despois teremos que tomar as medidas oportunas, porque o Concello en canto a licenzias ten que dicir moitas cousas. Nos preocupa porque tal e como vai, non vai quedar boa imaxe.

3.10. Se levou a cabo a contratación dun gasto para a realización dun documental para a Concellería de Igualdade por importe de 2.360 euros ¿me poderían dicir en que vai consistir?

Dª. María José Pino Fernández, concelleira delegada: É o documental que se fixo de Volta á Escola, das mulleres voluntarias.

Sr. Alcalde-Presidente: Foi no día internacional da muller que se celebrou aquí, no que hai un curso de volta á escola, que imparte unha voluntaria, unha antiga profesora do colexio de Mallón, que está dando clase a persoas maiores que se apuntaron; persoas maiores, que fixeron un vídeo, que se expuxo aquí e creo que se vai a reproducir en distintos sitios, o próximo é no Torreiro de Priegue a solicitude do centro cultural. Un documental das experiencias desas persoas.

3.11. Adquiríronse dúas camas ortopédicas para a Concellería de Benestar, ¿como

funciona o préstamo?.

D^a. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: Se prestan aos pacientes que a soliciten. Ata agora non había ningunha norma. Lle dixen á traballadora social que o fixera en función dos ingresos. Temos unha lista de cinco ou seis persoas. Logo a devolven.

3.12. Existe unha contratación por importe de 30.000 euros para redactar proxectos técnicos. O prazo de execución son dous anos, ¿podemos saber para que obras son estes proxectos?.

Sr. Alcalde-Presidente: Se sacou ese procedemento para a contratación da redacción de proxectos e se destinou unha cantidade para non empezar a gastar sen ningún tipo de orden. Se fixo un contrato por 30.000 euros, para o que se invitou a tres empresas, se lle acaba de adxudicar a Interuban. É unha reserva de crédito da que se irá dispoñendo á medida que vaian saíndo proxectos que facer. Non significa que se non hai orden de encargar un proxecto que se poidan presentar outros. Se fai a adxudicación do contrato, pero previamente a que a empresa poida facer proxectos haberá que encargalos formalmente. É acotar a cantidade e establecer un procedemento. Todo aquilo que non leve a miña sinatura solicitando un proxecto concreto, non se fará o pago.

3.13. Se contratou o triturado e verquido de restos de poda e vexetais. Me gustaría saber si se presta nunha finca concreta, e como funciona, si os particulares teñen que ir alí a depositalos ou si é o Concello o que xestiona este tipo de verquidos.

Sr. Alcalde-Presidente: Isto é o que había pero ampliado. É a empresa Francisco Rial, que fai o depósito na Xunqueira, e agora se lle incrementou que faga o triturado, transporte e demais. A xente ten que levalo alí. Si demostras que eres de Nigrán non che cobra nada. As empresas teñen que pagar.

3.14. Chamoume a atención un contrato para un persoal interino por dous meses para o departamento de contratación por temas de contratación importantes. Me gustaría saber que obras importantes de contratación se levaron a cabo nestes dous meses, si é tanto o volume que obriga a buscar reforzo externo.

D^a. Rosa Ana Costas Abalde, concelleira delegada: No departamento de contratación ao final de ano se xuntaron moitísimas contratacións, como é unha persoa soa, se fixo un contrato por acumulación de tarefas por dous meses, para axudarlle ao estancamento que tiña de traballo pendente.

Sr. Fernández Comesaña: Para contención do gasto, si nalgún departamento existe algunha necesidade haberá que reordenar persoal. Parece que estamos xerando cada vez máis gasto. Neste momento que practicamente non se contrata nada, e o que miro son contratos menores de gasto, que non hai ningunha obra relevante que requira un proceso complexo, e miro que hai informes desfavorables de Intervención, haberá que extremar a precaución neste tipo de gasto.



Sr. Alcalde-Presidente: A nosa obsesión é reestruturar o persoal que temos, porque temos unha prohibición vía decreto que nos di que é imposible contratar a máis xente, durante este ano polo menos, a non ser en casos de emerxencia, policía e demais.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.